



Concello A Guarda

ACTA Nº 8	PLENO DO CONCELLO	
DATA DA SESIÓN: 30.10.2017	CARACTER: EXTRAORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
LUGAR: SALÓN DE PLENOS	HORA: 09:00 HORAS	

PRESIDE: D. ANTONIO LOMBA BAZ – ALCALDE (PSdeG – PSOE)

ASISTENTES:

D ^a . M ^a MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D ^a . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRIGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D ^a . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D ^a . M ^a MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D ^a . M ^a DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

JOSÉ CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO
DAVID ARAGUNDE ARPPE	INTEVENTOR XERAL

Non asiste:

JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
-----------------------------	----

Sendo ás 09:00 horas do día 30 de outubro de 2017, o sr. Presidente abre esta sesión plenaria e procédese a tratar os asuntos que conforman a orde do día, que foi legal e previamente notificada.

PUNTO 1.- EXPTE. 1817/2017.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2016.

O sr. Alcalde le a seguinte proposta da Alcaldía:

A Conta Xeral do Concello da Guarda correspondente ó exercizo 2016, así como os seus documentos anexos e informes preceptivos foi sometida a informe da Comisión Especial de Contas do día 12 de setembro de 2017.

Co ditame favorable de dita Comisión foi sometida a información pública durante un prazo de 15 días e 8 máis, previa publicación no B.O.P. Nº 178 de 15 de setembro de 2017



Concello A Guarda

Durante o prazo de exposición pública non se presentaron alegacións á mesma, como se certifica polo Secretario en data 20 de outubro de 2017.

*Por todo o exposto, elevo o pleno a seguinte proposta de **ACORDO**:*

1º) Aprobar a Conta xeral do Concello da Guarda correspondente ó exercizo 2016.

2º) Remitir a Conta Xeral, xunto coa documentación requerida, en soporte informático e a través do procedemento telemático para a súa rendición ó Tribunal de Contas de conformidade co previsto no artigo 223 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo

DEBATE.

A sra. Iglesias Ferreira di que non participou na elaboración dos orzamentos que deron lugar a estas contas. Manifesta a súa disconformidade co proceder do equipo de goberno nalgúnhas cuestións concretas. Recorda que se manteñen relacións con provedores sen cumprir coa legalidade requerida (por falta de contratos). Considera que a depuración das contas é absolutamente necesaria aínda que recoñece que nalgúnhas cousas se está traballando como por exemplo na actualización do inventario de bens. Tamén sinala que hai moitos postos de traballo sen cubrir e pide axilidade na súa contratación. Di que ela non vai ser impedimento para que o pobo da Guarda non poida acceder a subvencións. Remata dicindo que existe un desequilibrio en canto a cantidade de subvencións que se reciben respecto doutros concellos e lle pide á deputada provincial que se aplique para corrixir esto.

O sr. Rodríguez Fariñas di que el non é culpable de que co seu voto non se aprobe a conta xeral e non se poidan recibir subvencións; que é unha obriga da administración facer as cousas ben e no Concello da Guarda non se están facendo ben. Existen demasiadas carencias das que xa informou claramente o interventor municipal e no se fai nada para resolvelo. Considera que é necesario depurar as contas municipais. Tamén considera necesaria a elaboración dunha ordenanza que regule o outorgamento das subvencións do Concello. Di que comparte a opinión da Sra. Iglesias Ferreira respecto á desigualdade de trato con outros concellos respecto das subvencións recibidas. Por último dille á Deputada Provincial que a Comunidade de Montes da Guarda se sente discriminada respecto doutras.

O sr. Baz Vicente adinta que o BNG non vai apoiar esta Conta Xeral, toda vez que é consecuencia duns orzamentos no que non participaron porque supoñen unha política continuista do equipo de goberno na que sobresaen os reparos e os recoñecementos extraxudiciais de crédito. Di que, aínda que o equipo de goberno apele á responsabilidade da oposición para a súa aprobación, o BNG non se sente responsable desta Conta Xeral dun goberno que non escoita á oposición.

A sra. Ortega Martínez di que os informes de reparo conforman máis páxinas que a propia Conta Xeral. Di que a Concelleira de Facenda vai presumindo do superhábit do Concello pero que isto é debido a que só se executou o 68% da inversión real orzamentada. Igualmente o resultado positivo ven derivado dun incremento dos impostos. Incide en que as contas non están depuradas co cal se falsean os datos. Di que lles chama especialmente a atención a desviación negativa do orzamento en traballos realizados por outras empresas, é dicir, estanse a externalizar servizos que, como non teñen contrato, son reparados por intervención. Di que o Partido Popular propuxo solucións para reducir o gran número de reparos que se formulan neste Concello pero que non se lles ten en conta. Considera que hai unha deixación de funcións por parte do equipo de goberno. Finalmente di que con un informe de liquidación de inversións do 68%, con contas sen depurar e con tantos reparos o Partido Popular non pode apoiar esta Conta Xeral e vai votar en contra.



Concello A Guarda

A sra. Magallanes Álvarez di que a aprobación da Conta Xeral é un acto formal necesaria para a súa fiscalización por órganos externos, requisito este para poder obter as distintas subvencións públicas. Di que o equipo de goberno está a traballar para depurar as contas pero que a imaxe que ofrece a Conta Xeral é a realidade dos datos que dispón o Concello. Existe un problema de recursos humanos no Concello pero tamén traballan para solucionalo. Por último di que se traballa na elaboración da RPT e na actualización do inventario.

A sra. Iglesias Ferreira realiza unha nova intervención para xustificar o seu voto no seguinte sentido: di que amparándose en que a aprobación da Conta Xeral é un mero acto formal necesario para a súa fiscalización por órganos externos e que non implica a conformidade co seu contido (posto que ela está en disconformidade coas Contas) nin xenera responsabilidade vai apoiar a Conta Xeral do exercizo 2016 non sin antes requerirle ó equipo de goberno que tome en consideración todas as aportacións e recomendacións manifestadas pola oposición.

O sr. Rodríguez Fariñas di que non é certo que a Conta Xeral ofrezca unha imaxe real da situación do Concello xa que as contas están sen depurar.

VOTACIÓN:

Sometida a proposta a votación resulta aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (8): Sres/as Lomba Baz, Magallanes Álvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González e Iglesias Ferreira (OITO VOTOS A FAVOR)

VOTOS EN CONTRA (7): sres/as Ortega Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez (SETE VOTOS EN CONTRA).

ABSTENCIÓNS (1): Sr. Rodríguez Fariñas (UNHA ABSTENCIÓN)

PUNTO 2.- EXPTE. 2041/2017.- BONIFICACIÓN DO ICIO A SAN XEROME

O sr. Alcalde le a seguinte proposta da Alcaldía:

Á vista da instancia presentada por Dna Asunción Dacuña Pacheco, en representación da Asociación San Xerome Emiliani con CIF G-36.018.802, de solicitude de bonificación do imposto sobre construcións, instalacións e obras, para obra de reforma de almacén no edificio adxacente ó central situado na rúa Galicia, 23, para creación dunha sala de dirección, un gabinete de atención psicolóxicas para os usuarios e unha sala de reunións de traballo-formación para profesionais e familias. Solicitando a bonificación do 95% sobre a cuota do ICIO, segundo o art. 3.5.a) da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto.

Vistos os informes favorables de Secretaría e Intervención.

*Elevo ó Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA***

PRIMEIRO.- *Declarar de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais e de fomento do emprego as obras ás que se refire a solicitude presentada por Dna Asunción Dacuña Pacheco, en representación da Asociación San Xerome Emiliani con CIF G-36.018.802, para obra de reforma de almacén no edificio adxacente ó central situado na rúa Galicia, 23, para creación dunha sala de dirección, un gabinete de atención psicolóxica para os usuarios e unha sala de reunións de traballo-formación para*



Concello A Guarda

profesionais e familias.

SEGUNDO.- *Que se lle recoñeza a a bonificación do 95% do imposto sobre construcións, instalacións e obras por entendermos debidamente xustificada a causa do beneficio, segundo o disposto na Ordenanza fiscal do dito imposto aprobada polo Concello, amparada no artigo 103.2.a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

TERCEIRO.- *Que se lle notifique esta resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.*

Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que considere pertinente.

DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que lle sorprende o vacío legal que existe neste tema, pero en todo caso manifesta a súa opinión na que deixa claro que existe unha labor social de San Xerome non só para o municipio da Guarda senón para os dos arredores, polo que ela non será impedimento para a aprobación deste punto.

O sr. Rodríguez Fariñas di que lle gustaría que se mantivese o criterio e que cada vez que unha entidade de carácter social solicite esta bonificación se lle trate en condicións de igualdade. Reitera que a el non lle parece mal este criterio pero só quere saber se se vai manter coas demais asociacións.

O sr. Baz Vicente di que o BNG ten clara a labor social do Colexio San Xerome; só fixo un apunte de carácter técnico porque entendían que este asunto tiña que pasar pola Comisión de Asuntos Económicos.

A sra. Ortega Martínez di que apoiarán a proposta.

A sra. Magallanes Alvarez di que o seu grupo vai apoiar a proposta. Responde ó Sr. Rodriguez Fariñas que agora se está a tratar esta solicitude, e que cando se presenten outras se tratarán esas outras.

VOTACIÓN:

Sometida a proposta a votación resulta aprobada cos votos favorables da UNAMINIDADE dos membros presentes (17):

Sres/as Lomba Baz, Magallanes Álvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (DEZASEIS VOTOS A FAVOR).

E non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente da por rematada a sesión ás 09:30 horas do día da data ,da que eu, como secretario, dou fe.